



MANUEL ACUÑA Y MALVAR, UN CLÉRIGO LIBERAL E EXTRAVAGANTE QUE QUIXO VIVIR EN MORRER EN RIBEIRA

Xosé Ramón Barreiro Fernández
Presidente da Real Academia Galega

O lector deberá ter moi presente, para evitar anacronismos na valoración dos personaxes históricos, que cada home é fillo do seu tempo e non é lexítimo xulgalo de acordo coas valoracións ou criterios actuais.

Acuña y Malvar foi un sacerdote, un clérigo, pero tamén un fidalgo, e un político. O *status* clerical, é dicir, o conxunto de valores e responsabilidades dun clérigo dependían, no século XVIII e boa parte do XIX, da súa condición social máis que da orde sacerdotal. Os clérigos aristócratas, ou pertencentes á fidalguía, asumían as responsabilidades de administración dos intereses da Igrexa e a súa representación, defendían os seus dereitos, participaban do poder político (Pedro Acuña, irmán de Manuel e tamén sacerdote, foi Ministro de Carlos IV); é dicir, constituían á elite clerical, intelectual e política, e ninguén se escandalizaba polo feito de estar afastados da práctica pastoral que se encomendaba case exclusivamente aos clérigos procedentes do campesiñado e aos frades¹.

Non debe estrañar, pois, que a conduta desta elite clerical se asemellara moito máis á conduta da clase aristocrática e fidalga que á dos clérigos campesiños; o que revela que o clero, en canto tal, carecía dun *status* social homologado que non aparecería ata mediados do século XIX, cando se crean os seminarios, cunha formación ríxida e igualitaria e coa fixación dos valores clericais de obediencia, castidade, pictismo e a fixación dun uniforme que os iguala e unifica.

¹ Ampliamos estas cuestións no noso artigo “Los hombres del altar. Aproximación al clero secular como grupo social”, en García Quintela, M., *Las religiones en la historia de Galicia*, Universidade de Santiago de Compostela, 1996, pp. 181-232.

Cando aparecen os seminarios no século XIX, a Igrexa xa perdera os seus bens inmobiliarios e as súas rendas, o que explica a deserción de aristócratas e fidalgos da milicia clerical, quedando os seminarios para a clase campesiña.

Manuel Acuña y Malvar foi un clérigo fidalgo, empeñado en cuestións da alta administración da Igrexa, alleo por completo á vida pastoral e non moi esixente consigo mesmo en temas de obediencia e castidade. Exactamente coma moitos dos seus compañeiros da milicia clerical.

En San Martiño de Salcedo, pegadiño á vila de Pontevedra, naceron os tres irmáns: Pedro, Manuel e Andrés. Pedro naceu no ano 1755, Manuel en 1757 e Andrés no 1767. Tiveron a fortuna de que o seu tío, o franciscano Sebastián Malvar y Pinto, fora designando bispo de Buenos Aires e, no ano 1783, arcebispo de Santiago. Os tres sobriños, foron ordenados sacerdotes, e gozaron da pouco escrupulosa administración do seu tío, que exerceu un descarado nepotismo a favor dos sobriños.

Referíndonos a Manuel Acuña y Malvar, cando aínda era estudante nas universidades de Oviedo e Salamanca xa foi agraciado en 1785 co beneficio de Bastabales; en 1789 coa parroquia de San Paio de Carreira (Ribeira); en 1792 cunha coenxía na catedral de Santiago; en 1795 co arcediagado do Salnés e, posteriormente, coa administración do hospital de San Roque de Santiago.

Interesa precisar ao lector non habituado a estes temas que ser nomeado para os beneficios de Bastabales ou de Carreira non implicaba que tivera que exercer directamente estes cargos parroquiais, nin que residir nas citadas parroquias. Actuaban por medio de vicarios que eran os que levantaban o traballo parroquial. Eles percibían os dereitos beneficiais dándolles aos vicarios só unha parte dos mesmos.

Tampouco o arcediagado do Salnés (o arcediagado era unha unidade administrativa histórica e neste intre case sen poder xurisdiccional ningún, que abranguía un determinado número de arciprestados) o obrigaba a residir na comarca. Pero era unha fonte moi importante de ingresos, que no ano 1812 se calculaban en 30.000 reais; a administración do hospital reportáballe anualmente 20.000 reais e os beneficios de Bastabales e Carreira uns 12.000 reais ao ano. En total máis de 60.000 reais. É dicir, unha fortuna.

Sendo ministro de Carlos IV, o seu irmán Pedro conseguíulle o nomeamento de Sumiller de Cortina e a distinción da Orde de Carlos III, honores que non lle reportaban directamente

beneficios nin poder xurisdiccional pero si unha distinción entre os seus colegas, o que significaba entrar na nómina das persoas próximas ao Rei.

O nepotismo do seu tío, Malvar y Pinto, produciu as lóxicas envexas no Cabido compostelán e a formación dun grupo oposto radicalmente ao arcebispo. Á súa morte e, sobre todo, o nomeamento de Rafael de Múzquiz como sucesor de Malvar y Pinto no arcebispado de Santiago elevou aos conspiradores a un primeiro plano e Manuel Acuña foi unha das vítimas. Ben é certo, como veremos, que a conduta de Manuel Acuña facilitoulles non pouco as cousas. Non gustaba Manuel Acuña de cumprir coas obrigacións capitulares, é dicir, non asistía decote ao coro pretextando varias enfermidades. Chega o novo arcebispo Múzquiz no ano 1803 e aínda non pasara un mes da súa posesión cando consegue do Goberno unha R. O. (novembro de 1803) condenándoo á reclusión no convento de Cartuxos de Santa María de Aniago (Medina del Campo, Valladolid) seguida doutra R. O. do ano 1804 desterrándoo ás Illas Filipinas, desterro que non se levou a cabo.

Moi graves deberon ser os motivos de tal condena. Non nos foi posible localizar o proceso ou expediente formado e só temos unha indirecta información nunha Pastoral de Múzquiz do ano 1814 na que dicía que no ano 1804 se vira obrigado *“de volver a la Corte... para sostener el honor de nuestro carácter y oficio contra algunos espíritus inquietos y secuaces de opiniones nuevas y peregrinas contra quienes habíamos procedido y tomado providencias”*. López Ferreiro non dubida en afirmar que a viaxe de Múzquiz tiña como obxectivo castigar a Manuel Acuña y Malvar que, nesta hipótese, sería definido como *“inquieto y secuaz de opiniones nuevas y peregrinas”*, interpretación que significaría que xa Acuña y Malvar protagonizaba en Santiago, en 1803, unha certa disidencia que non estamos en grao de fixar. Non obstante, hoxe sabemos que Múzquiz foi a Madrid preferentemente para querelarse contra dous cóengos de Ávila, antiga diocese de Múzquiz, os irmáns Cuesta, procesados pola Inquisición. É moi posible que o arcebispo aproveitara a súa presenza na Corte para premer ao Goberno e que desterrara a Acuña ás illas Filipinas. Nesta segunda interpretación a referencia a *“espíritus inquietos y secuaces de opiniones nuevas”* máis ben parece referirse aos Cuesta e non a Acuña.

Temos outra referencia indirecta, xa moito máis serodia (en 1809), na que en oficio dirixido ao Cabido, Acuña di que a Xunta Central o declarou inocente na causa formada contra el pola extracción da correspondencia de seu irmán Pedro, delito grave dada a condición de Conselleiro deste último. Foi a mesma causa pola que foi condenado ao desterro ou trátase doutra causa entre as moitas que tivo, por motivos económicos, co seu irmán? Non o sabemos.

Si sabemos que foi cesado como administrador do Hospital de San Roque quedando ao descuberto en varios centos de miles de reais. Fraude ou mala administración? Tampouco o sabemos, aínda que si temos información da escasa escrupulosidade que sempre tivo nas administracións económicas que se lle confiaron.

Nace o político e o patriota.

A familia dos Acuña y Malvar situouse estratexicamente na política extremadamente movediza e perigosa do período comprendido entre os anos 1808 e 1836. Nos tres espazos ideolóxicos e políticos que repentinamente se abriron en Galicia estaban presentes un dos tres irmáns: Andrés no sector absolutista e logo carlista; Pedro –amigo de Godoy que o fixo Ministro e logo Conselleiro- era máis proclive aos afrancesados, e Manuel situouse no bando liberal. A familia cubría, pois, todos os espazos e situacións.

Sigamos a estela de Manuel Acuña y Malvar.

A invasión francesa e a Guerra de Independencia provocou tal alteración en todo o país que Manuel determinou fuxir do convento e presentouse en Sevilla onde estaba instalada a Xunta Central. Posiblemente silenciou a súa situación xurídica de fuxido do convento no que cumpría condena, e ofreceuse para retornar a Galicia e levantar o seu país en armas contra os franceses. Iso explica que o 14 de febreiro de 1809 a Xunta Governativa do Reino decidise enviar a Galicia “con el objeto de reunir tropas a los nuestros y reanimar el espíritu público de los pueblos” a Elola, oidor da Audiencia de Mallorca, a Acuña y Malvar e aos oficiais Pablo Morillo e García del Barrio.

As vicisitudes da viaxe, os celos entre os dous oficiais e os logros obtidos aparecen na obra de Acuña y Malvar, *Censura e impugnación de los sucesos militares de Galicia en el año de 1809 que ha dado a luz en diciembre de 1811 el Coronel D. Manuel García del Barrio*, Cádiz 1812.

A razón que tivo a Xunta para envialo foi a elaboración dun plan de liberación de Galicia que Acuña presentou aos dous membros da Xunta, os galegos Hermida e Conde de Ximonde, plan que foi discutido e, ao fin, aprobado. O Goberno encomendou a responsabilidade de levalo á práctica aos dous oficiais, Morillo e García del Barrio.

Cando chegaron a Galicia atopáronse coa sorpresa de que os galegos xa se alzaran en armas. Acuña asistiu á Reconquista de Vigo. Logo viaxou a Sevilla en barco para comunicarlle ao Goberno os éxitos da paisanaxe galega na loita contra o francés e en Sevilla seguiría se o

Goberno non o obrigara o 2 de agosto de 1809 a retornar a Galicia, xa liberada dos franceses, e a integrarse no Cabido de Santiago, que era o seu oficio.

Atrasou a súa volta porque nas Actas do Cabido consta que non apareceu ata o 10 de xuño de 1810. Aproveitou a súa estancia en Sevilla e Cádiz para informar ao Goberno da conduta política do arcebispo Múzquiz, oposto ao novo réxime, o que explica que o Goberno abrida informacións sobre Múzquiz. Dende este momento, é dicir, dende a chegada a Compostela en 1810, Acuña y Malvar non desaproveitou ningunha ocasión para denunciar o Arcebispo por desobedecer ás Cortes e ao Goberno e para amosarse radicalmente liberal.

Non foi Acuña y Malvar un ideólogo do liberalismo, senón un firme defensor das Cortes de Cádiz e da Constitución. Sendo posiblemente o único cóengo liberal do Cabido compostelán, a súa conduta política foi xulgada severamente polos seus colegas, pero atopou eco de inmediato nos liberais galegos que lle ofreceron as páxinas dos seus xornais². Converteuse desta forma nun pesadelo para o Arcebispo e Cabido, e mesmo para o Xefe Superior de Galicia, o Marqués de Campo Sagrado, ao que acusa de conivencia co Arcebispo e de demorar a aplicación en Galicia dos decretos das Cortes. En Santiago publicou un folleto co seguinte título: *Oficio que ha pasado el señor canónigo D. Manuel Acuña y Malvar, en 31 de marzo de 1813, al Excmo. Sr. Marqués de Campo Sagrado, comandante general y jefe superior de Galicia, Santiago 1813*. Acusaba o Xefe Superior de atrasar a publicación dos edictos contra a Inquisición e de tolerar que os predicadores anti liberais utilizasen os pulpitos como plataformas publicitarias contra a Constitución.

O Cabido deu resposta a este escrito por medio de José Pizarro, prebendado aínda que non era cóengo da Catedral, que publicou un escrito titulado *Representación... satisfaciendo a los agravios hechos a S. E. [refírese ao xefe superior], jefes militares y más que comprende por D. Manuel Acuña, asediando de Salnés... en su llamado Oficio de 31 de marzo de este año de 1813, Santiago 1813*. Acusaba Pizarro a Acuña de vinganza contra determinadas persoas e de publicar o seu folleto só por congraciarse co novo sistema político xa que tanto a súa familia como el mesmo foron sempre godeistas (ou partidarios de Godoy) do que recibiron dignidades e honores. Acusábao tamén de que “antes de ahora trabajó infinito porque se le confiriese plaza de inquisidor... siendo (ahora) todo su deseo ver abochornado a algún otro inquisidor por cierto delito de perjurio en que entendió...”.

² Sobre o movemento liberal en Galicia nestes anos cfr. O noso libro, *Liberales y Absolutistas en Galicia (1808-1833)*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1982.

Por decreto das Cortes do 1 de decembro de 1810 suspendíase en todas as dioceses a provisión de beneficios para que as rendas dos vacantes pasaran ao Goberno, para o pago das tropas que loitaban contra os franceses. Facendo caso omiso de tal prohibición, o arcebispo de Santiago nomeou catro prebendados que non casualmente eran parentes próximos seus. Os xornais liberais publicaron varios artigos de Acuña y Malvar contra tales nomeamentos, quen, non satisfeito, publicou un folleto cuxo título xa é revelador do carácter do noso protagonista: *La Constitución violada y mala fe guardada o bien sea la punible, injusta, despótica, tumultuaria, grosera, escandalosa, temeraria, ratera, atrevida, extravagante, cismática, ridícula, provincialista, quijotesca, intempestiva, zafia, degradante, farolera, clandestina, godeyana, antipolítica, antirreligiosa, anticonstitucional, anticanónica, antipatriótica y mala posesión de cuatro prebendas que ha dado el Cabildo de Santiago en 24 de marzo de 1813 por contemporizar con el Arzobispo, Santiago 1813*. Aínda que estamos habituados a ler libros e folletos da época con títulos ben extravagantes, nunca atopamos un título con vinte e seis adxectivacións para un suposto delito.

O escrito era un feroz ataque contra a conduta pastoral e política do Cabido e do Arcebispo. Os catro agraciados coas prebendas aparecían insultados cos seus nomes e apelidos. Recollemos un parágrafo moi revelador do estilo literario de Acuña cando describe a festa celebrada polos catro beneficiados e os seus electores:

Entran en forma de diputación en el cuarto de Gómez, en donde encontraron ya al Arzobispo. Se le acercan todos y le hacen el cumplido, a que contestó con la siguiente pasmarota: al cabo hemos triunfado, que se las saquen ahora de allí, yo se lo estimo a Ustedes en mi corazón. Este servicio que acaban de hacerme es para mi muy singular. Pueden mandarme en lo que quieran. Ustedes son mis amigos. Si Salnés [refírese a Acuña, arcediogo de Salmés] hiciera lo que éstos, tendría igual satisfacción.

Concluidos los cumplimientos se pasó al “sanfasón”. Estaba el dichoso cuarto atestado de dulces de todas clases, licores y bandejas de tabaco habano: se llenan... se atracan... ¿y el ayuno?... fuman,... llevan... bien que no llevaron cohetes, porque esos los disparó cierto picarillo allá fuera, en otra parte. Cuando recapacito sobre el porte de estos mis llamados compañeros (no, no lo quiero ser mientras no hagan penitencia y no se deshagan de los vestidos trocados) –refírese ás mitras e outros uniformes que lle correspondían polos novos cargos-, no puede menos de llorar a moco tendido su algazara y despecho. En el día 25 –refírese á festa do Apóstolo, 25 de xullo- ya los provistos fueron de mitra en la procesión (por eso sería la prisa) a los cuales estuvieron viendo desde la tribuna el Arzobispo, su hermana y más chusma palaciega, incluso los danzarines y chulitos de a pie. Dicen que el Arzobispo se

moría de risa y que su hermana decía “que bien les están las mitras, que hermosos parecen, quien me diera estar abaxo para verlos a mi gusto”. Si yo la oyera le diría “pues baxa zambombo, o si no échate de ahí abaxo, porque aunque te perniquebres no tengas cuidado hagas falta alguna, ni te lloren aunque se lo noticien a tu marido”.

Un dos denunciados, o arcediogo de Luou, Mariano Gil Hernández, aproveitou a ocasión de atopalo na sancristía e “lo agarró con una mano por la garganta, dándole con la otra bofetadas, batiéndole la cabeza contra la pared y diciendo pícaro, que me has quitado el honor, aquí te he de sacrificar”. Así nestes termos aparece a relación do acontecido no xornal liberal *Gazeta Marcial y Política de Santiago* de 12 de outubro de 1813, sen dúbida escrita polo propio Acuña y Malvar. A exemplar conduta destes cóngos debeu ser moi comentada naquela pequena e levítica cidade de Santiago, que a falla doutros ocios dispuñan de teatriño diario do Cabido e da Catedral. Os xornais antiliberais, *El Sensato* (Santiago), *La Estafeta de Santiago*, *El Correo de la Comisión* (Santiago) sumáronse ao coro dos detractores de Acuña y Malvar ao que acusan de fraude, de moverse só por intereses persoais, de seguidor de Godoy e afrancesado, de vicioso, de conduta deshonesto, etc.

Véndose asediado e, en certa maneira acurralado, marchou para Cádiz, sen licenza do prelado nin do xefe superior, en 1813 para contactar cos liberais daquela cidade e para poñelos en antecedentes da conduta política anticonstitucional de Múzquiz e o Cabido. O Goberno, que recibiu unha denuncia do Arcebispo, obrigouno a retornar á súa coenxía. Así se chega ao ano 1814 cando os absolutistas recuperan o poder e inician a persecución dos liberais. Como é de supoñer, Acuña y Malvar foi perseguido e encarcerado.

Nova represión e afastamento da actividade política.

No ano 1814, cando os absolutistas poñen en marcha a máquina da represión, tiña Manuel Acuña y Malvar 56 anos. Lamentablemente non atopamos cadro ou gravado que recolla a súa imaxe. Só temos unha breve descrición física do ano 1809 nun pasaporte: “*Estatura común, color moreno, nariz regular, ojos pardos, cabello con canas, cara larga y grueso de cuerpo*”.

Cando no mes de maio de 1814 se inicia a persecución dos liberais, Acuña y Malvar escondeuse, sen dúbida, para evitar a primeira e sempre máis cruel represión, pero decatándose de que a situación política non melloraba para a causa dos liberais dende o seu refuxio, dirixiuse ao Cabido pedíndolle “*perdón de los agravios que le haya hecho, deseando se borre aún su memoria de ellos y dar toda satisfacción pidiendo también transigir con todos los pleitos que tiene promovidos contra el Cabildo*”. Seguramente xa supoñía a resposta. Como clérigo coñecía moi ben que os odios

clericais son implacables e que a misericordia é unha virtude que se predica pero non se cumpre cando as inxurias afectan ao cerne do poder eclesiástico. Por iso se puxo en movemento a máquina xudicial da Igrexa, encomendando o Provisor ao cóengo Medrano a tramitación do expediente *“por adhesión al partido conocido con el nombre de liberal”*. O Provisor, polo momento, só o perseguía por motivos políticos coñecendo que a tramitación e a condena serían moi rápidas polo interese do Goberno en perseguir os liberais. Por iso decidiu o seu inmediato arresto nunha estancia do pazo arcebispal, baixo a mirada atenta do seu inimigo Múzquiz.

Foi condenado o 3 de xuño de 1815 pola Comisión constituída na Coruña para a represión dos liberais a dez anos de reclusión no convento de Herbón (Padrón, A Coruña), a pagar os custos do xuízo máis a multa de 40.000 reais. Durante o tempo da reclusión, a Comisión suspendeuno no uso da Cruz de Carlos III e do título de Sumiller de Cortina. Así mesmo acordou que o Provisor do Cabido lle fixase a cota necesaria para a súa subsistencia secuestrando o resto das súas rendas e bens. O único cargo que a Comisión lle apuxo foi o de *“haberse dado a conocer como demasiado adicto al partido liberal”*. A Comisión facía constar que na súa sentenza usara *“la benignidad”*. Durante o seu encarceramento Acuña compartiu o convento de Herbón con outro clérigo ilustre, o ex deputado Muñoz Torrero.

O levantamento de 1820 e a restauración do sistema constitucionalista significou a súa liberación. O 27 de febreiro de 1820 unha avanzada do exército chegou a Herbón *“con orden de poner en libertad al Sr. D. Diego Muñoz Terrero, hoy electo obispo de Guadix [...] que estaba preso en dicho convento”*, escribe no mesmo ano Urcullu na súa *Relación Histórica de los acontecimientos más principales ocurridos en La Coruña, A Coruña, 1820*. Cómpre lembrar que Muñoz Torrero, designado bispo de Guadix polo Goberno liberal, foi rexeitado pola Santa Sede. Urcullu engade que tanto Muñoz como Manuel Acuña, *“que también se hallaba preso en el mismo convento”*, acompañaran o exército liberador.

Sorprendentemente e a pesar da liberdade de prensa, non aparece o nome de Acuña y Malvar en ningún dos xornais, aínda que é posible que participara sen asinar. De feito, nun xornal da Coruña, *Diario Constitucional* aparecen varios artigos contra o arcebispo Múzquiz que ben poderían ser da súa autoría. Tampouco aparece o seu nome nas sociedades patrióticas constituídas, nin en ningún documento político do momento.

Poderíamos deducir deste silencio que Acuña y Malvar decidira retirarse de toda actividade política, o que non deixa de ser difícil nunha persoa tan apaixonada como el do liberalismo e

que ademais sufrira unha persecución política. Pero hai algo que confirma a nosa sospeita de que seguiu politicamente activo e é que no ano 1824 novamente foi represaliado e encarcerado. Na represión absolutista de 1823 foi novamente encarcerado ou recluído no convento de Herbón que el tan ben coñecía. Só, sen a compañía coma na vez anterior dun clérigo tan ilustre como Muñoz Torrero, cunha situación económica desesperada porque lle foran secuestradas outra vez as rendas, e incluso o Cabido lle ocupou a casa na que vivía, na rúa Nova, número 46, trasladando os seus mobles a un piso da mesma casa. Sen esperanza de que a situación política mudara, parece lóxico que a súa vida discorreu entre a desesperación e a rabia, aínda que procuraría algúns consolos. O Cabido tiña controlado a distancia por informadores (seguramente os clérigos) e, deste xeito, sabía das súas escapadas do convento.

Nunha data que descoñecemos, pero antes de 1830, foi trasladado ao convento do Xobre, na Pobra, onde posiblemente estaba menos vixiado. O Cabido recibiu no ano 1830 unha denuncia na que se dicía que Acuña saía do convento de paisano, sen o uniforme de clérigo, e extorsionaba algúns dos seus rendeiros, quizais porque a pensión asignada era insuficiente. No mesmo ano, o párroco de Artes (Ribeira) denunciouno porque Acuña “*escandalizaba con mugeres*”. Teñamos en conta que Manuel tiña xa 73 anos.

A amnistía do ano 1833 permitiulle retornar a Santiago. A súa vida xa estaba esnaquizada, pero aínda lle quedaban folgos para querelarse contra o Cabido por falta de pagamento das rendas atrasadas. Os vellos odios agromaban de novo.

Aínda lle quedou unha derradeira satisfacción: a de presidir o Cabido no que todos os cóngos tiveron que xurar a Constitución de 1836. A maior parte dos membros do Cabido estaban desterrados ou encarcerados por carlistas e o solemne acto foi presidido por él por ser o máis antigo. Xuraron todos os presentes a Constitución de Isabel II e, sen dúbida, Manuel Acuña foi feliz vendo como ían xurando todos os que foran e eran carlistas. O seu liberalismo, ao cabo, vencía o carlismo dos seus eternos inimigos.

O retiro definitivo en Ribeira.

Mercara en Ribeira unha casa e terreo na Conlleira, á que lle puxo o nome de *La Soledad*, nome que reflectía os seus derradeiros sentimentos, soidade que era a súa derradeira compañeira, a mesma compañeira que tivo durante tantos anos de encarceramento e desterro. Vinte e un anos pasara en conventos, auténticos cárceres para unha personalidade tan activa como Acuña. Vinte

e un anos vividos en amarga soidade. Agora chegara o momento do definitivo retiro. Pero previamente foi preciso resolver no Cabido o tema da súa xubilación.

Nos estatutos do Cabido prescribíase que só tiñan dereito á xubilación os cóengos que exerceran, como tales, durante corenta anos. El tomara posesión no ano 1792, por conseguinte no ano 1832 cumpriu os corenta anos. Só pretendía, en troques, pedir a xubilación como arcediogo de Salnés (xubilación máis alta) cumpriu os 40 anos no ano 1835. E foi o que solicitou. Xa dixemos antes que os odios clericais son implacables e iso volveuse amosar, unha vez máis. Feita a solicitude e aínda contabilizándolle os anos de reclusión, concluíron que había algúns anos (os da Guerra de Independencia) nos que constaba que non estivera servindo a coenxía senón noutros mesteres, moi patrióticos pero indiferentes para a cuestión da xubilación. Así tivérono ata o 14 de setembro de 1837 en que ao fin, e un pouco por compaixón (xa tiña 80 anos *"y está continuamente molestado por una tose o fluxión rebelde que llama la atención del coro con mucha frecuencia"*), déronlle a xubilación.

Pasou os derradeiros anos no seu terreo da Conlleira, afastado de toda acción política, pero cultivando no seu corazón os valores da liberdade e de xustiza polos que sempre loitara. Morreu en Ribeira o 1 de marzo de 1845.

Descoñezo se a miña cidade de Ribeira mantén, dalgunha forma, a memoria de Manuel Acuña y Malvar. Se non fose así, oxalá que este breve artigo meu axude a coñecer algo máis a aquel gran home que loitou, sufriu e penou pola causa da liberdade política. E os poderes públicos ben poderían axudar a manter a súa memoria dedicándolle algunha rúa. El si que o mereceu.

NOTA DO AUTOR DA WEB: Este artigo foi cedido amablemente polo presidente da RAG, D. Xosé Ramón Barreiro Fernández no ano 2006, e posteriormente apareceu publicado no libro *Memorias de Ribeira*, editado pola Asociación Cultural Altofalante no ano 2007.